

CONCELLO DE
VIGO



Expediente: 46522/220

OEP 2020-2021-2022 AYUNTAMIENTO DE VIGO (2.ª FASE).

OFICIAL/A INSTALACIÓNS IMD (LABORAL): OPOSICIÓN LIBRE

ANUNCIO

RESOLUCIÓN DE RECLAMACIÓNS 2º EXERCICIO DA OPOSICIÓN: SUPOSTOS PRACTICOS (REALIZADO NAS DATAS 02/03/2026 e 09/03/2026), E CONVOCATORIA DO TERCEIRO EXERCICIO: PROBA DE COÑECEMENTO DA LINGUA GALEGA

O órgano de selección, na sesión celebrada na data 16 de marzo de 2026, acordou o seguinte:

"Análise e resolución da reclamación formulada ante a celebración do 2º exercicio da oposición

Alegación presentada por D. A. Gonzalez Silvosa con nº de documento 260059956 co contido seguinte :

Na data 12 de marzo de 2026 D. A. González Silvosa presenta un alegación no que solicita a impugnación do segundo exercicio practico da praza libre de oficial de instalacións IMD nº de expediente 46522_220 polos seguintes motivos :

" El tribunal publico la puntuación total en lugar de desglosar las puntuaciones individuales de cada miembro del jurado; la falta de motivación o desglose de las notas en exámenes de supuestos prácticos es un motivo de impugnación ya que dificulta conocer el criterio técnico y viola los principios de transparencia.

Al hacer la lectura del segundo ejercicio a cara descubierta con nombre, apellidos y DNI puede producirse una discriminación positiva o negativa a la hora de evaluar el contenido de dicha prueba; al leer en voz alta ante otros aspirantes o publico se pueden infringir los principios de igualdad, mérito y capacidad al permitir que el tribunal o los asistentes identifiquen la autoría de la prueba antes de su corrección.

Examinado o contido da alegación informase o seguinte:

De conformidade co disposto na Base Decima das xerais aprobadas polo Xunta de Goberno Local na data 26 de xullo de 2024 e publicadas no BOPP de data 30 de agosto de 2024:

En relación coa alegación relativa as puntuacións:



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 16/03/2026 15:52	Páxina 1 de 2
46522-220	CSV: A6B4AA-414EC2-2DC1DB-AKG84W-CUMZKG-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



“ A puntuación de cada aspirante nos diferentes exercicios será a media aritmética das cualificacións da totalidade das persoas integrantes do órgano de selección asistentes á sesión “

No presente caso despois de emitidas as cualificacións da totalidade das persoas integrantes do órgano de selección asistentes á sesión “ o alegante obtivo una media aritmética de 4,175 puntos, polo que resultou non apto no proceso selectivo.

En relación coa violación do anonimato e a non garantía da confidencialidade :

“O exercicio teórico realizarase con carácter xeral por escrito e se referira aos temas que se inclúan no temario común como anexo a estas bases se fose de aplicación e, ao temario específico que se inclúe tamén como anexo, nas bases específicas de cada convocatoria .Así mesmo , órgano de selección poderá acordar a lectura dos exercicios polos aspirantes unha vez finalizada a súa realización, sempre en sesión publica”

E nas bases específicas non se establece ningunha puntualización distinta ao establecido nas bases xerais.

Polo exposto na celebración do exercicio cuia impugnación solicita o alegante, 2º exercicio da oposición: supostos prácticos, deuse cumprimento estritamente ao establecido nas bases de aplicación ao presente proceso selectivo, sen que poida apreciarse a violación dos principios de transparencia, anonimato o confidencialidade.

Polo exposto o Órgano de Selección propón a desestimación da alegación presentada por D. Alvaro González Silvosa por considerar que a celebración do segundo exercicio da oposición se axustou estritamente ao disposto nas bases xerais e específicas que rexen o presente proceso selectivo, sen que poida apreciarse ningún motivo de impugnación na proba celebrada.

Contra a resolución da reclamación presentada caberá interpoñer recurso de alzada (artigos 121-122 da Lei 39/2015 e base decimo sétima das xerais), sen prexucio de que os / as interesados poidan interpoñer calquera outro recurso que estimen procedente conforme a dereito.

Asi, mesmo **convócase** a aspirante que superou os dous exercicios anteriores, e non xustificou estar en posesión do Celga 3 esixido para a praza, á realización do 3º exercicio da oposición de carácter obrigatorio e eliminatorio, proba de coñecemento da lingua galega:

Dona P. Sierra Fernandez

o próximo **luns día 23 de marzo de 2026 as 9:30 horas** na sala de reunións da Area de Fomento situada na planta segunda do Concello de Vigo.

A Secretaria do Órgano de Selección: Carmen Pintado Garcia

A Presidenta do Órgano de Selección: Begoña Arranz González



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 16/03/2026 15:52	Páxina 2 de 2
46522-220	CSV: A6B4AA-414EC2-2DC1DB-AKG84W-CUMZKG-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		